


Universidade de Vigo

# INFORME FINAL

2020-2021

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL



**Escola Superior de Enxeñaría Informática**

Máster en Enxeñaría Informática

Aprobado na Comisión de Calidade o 10/02/2022

## Táboa de Contidos

1. Presentación.....	2
2. Cumprimento da planificación.....	2
3. Seguimento .....	3
3.1. Análise xeral.....	3
3.2. Dificultades, queixas, suxestións e problemas detectados.....	3
3.3. Alumnado con necesidades especiais .....	3
4. Cuestionarios de satisfacción .....	3
5. Consecución dos obxectivos.....	4
6. Melloras para o curso 2021-2022 .....	4
7. ANEXOS.....	4

## 1. Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo. A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto, e a idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial, e proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Neste documento preséntase a valoración global das accións realizadas. Analízanse o nivel de consecución dos obxectivos previstos e as dificultades atopadas, así como as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora para o curso seguinte.

## 2. Cumprimento da planificación

Este curso académico **non se realizaron tódalas reunións previstas inicialmente** no cronograma, aínda que o alumnado tivo sempre á súa disposición ao profesorado tutor asignado, a través de medios virtuais. Se detallan a continuación:

Ficha para a Avaliación do PAT					
Grao de Cumprimento do PAT					
Actividade	<i>(Marcar cun X)</i>			Xustificación	Nº Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
1. SI		X		Incorporouse no acto de apertura do curso na ESEI	
2. RGAC1			X		5
3. RGAC2		X		Enviouse unha enquisa para recollida de suxestións, que só foi respondida por 2 estudantes	2
4. ASC	X			Non houbo solicitudes por parte do alumnado	
5. AD	X			Non houbo estudantes con necesidades especiais	

### 3. Seguimento

#### 3.1. Análise xeral

Non xurdiron problemas que afectaran ao normal desenvolvemento da docencia.

#### 3.2. Dificultades, queixas, suxestións e problemas detectados

Non houbo unha grande asistencia á reunión presencial realizada. Sen embargo, o alumnado que asistiu participou de xeito activo nela.

Os comentarios feitos por parte do alumnado foron:

- Notouse unha **excesiva carga de traballo na materia de Planificación e Dirección de Proxectos**.

Considérase que os traballos, ao estar distribuídos por semana, non permiten unha adecuada planificación. Tamén engaden outras cuestións como requisitos cambiantes ou dificultade en validación de entregas que fai xestionar o traballo fose da aula.

- **En Enxeñaría do Coñecemento suceden aspectos similares**, aínda que a carga é menor, dado que a entrega está máis atrasada no tempo.

Aínda que o alumnado manifesta que todos estes temas se trataron de forma directa co profesorado responsable das materias, a Dirección do Centro procedeu a comunicalo.

Respecto á infraestrutura, o alumnado solicitou un **cambio de aula para poder xestionar mellor a temperatura da aula e o ruído**. En horario de tarde a calefacción apágase ás 18 horas. Dado que as clases rematan as 20 horas, nas aulas de soto incrementase o frío con maior facilidade.

Tamén o ruído da avenida en horario de tarde inflúe nas clases, dado que é necesario manter ventilada a aula.

Esta petición foi atendida, procedéndose á revisión das aulas no segundo cuadrimestre.

#### 3.3. Alumnado con necesidades especiais

No curso analizado non houbo estudiantado PIUNE matriculado na titulación do Máster.

### 4. Cuestionarios de satisfacción

Aínda que se enviaron os cuestionarios de satisfacción a todo o alumnado da titulación, só se recibiron dúas respostas. Non se considera unha mostra representativa, polo que os resultados non se inclúen neste informe.

## 5. Consecución dos obxectivos

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivo	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
<b>Obxectivos Xerais</b>				
Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudantado		X		Escaso interese do alumnado unha vez está integrado no Centro
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		X		Existe unha comunicación áxil do alumnado cón Coordinador do PAT, pero baixa participación nas enquisas de satisfacción e de recollida de suxestións
<b>Obxectivos Específicos</b>				
Mellorar a implicación do estudantado na Xestión do Centro			X	A Delegación de Alumnos, participa de xeito activo nas actividades da ESEI.
Mellorar a satisfacción do estudantado coa formación recibida			X	En xeral, o alumnado está satisfeito.

## 6. Melloras para o curso 2021-2022

- Ofrecer información máis detallada na primeira reunión do PAT para que o alumnado entenda a utilidade real como sistema para detectar posibles problemas e axudar no normal desenvolvemento do curso.

## 7. ANEXOS

- Anexo I: Cronograma de reunións

## Anexo I

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: Cronograma de reunións MEI curso 2020/2021			
Actividade	Axentes implicados	Data	Tarefa
1. SI	- Equipo Directivo - Coordinador/a do PAT - Alumnado	setembro	- Presentación do PAT
2. RGAC1	- Coordinador/a do PAT - Alumnado	xaneiro	- Análise das dificultades e problemas atopados no primeiro cuadrimestre - ANEXO II
3. RGAC2	- Coordinador/a do PAT - Alumnado	maio	- Análise das dificultades e problemas atopados ao longo do curso - Satisfacción do alumnado - ANEXOS II e III
4. ASC	- Coordinador/a do PAT - Alumnado	setembro - xullo	- Solicitado por cada estudante de consideralo necesarios - Asesoramento grupal ou individual - ANEXO III
5. AD	- Gabinete Psicopedagóxico - Profesorado titor - Alumnado	setembro - xullo	- Detección de necesidades especiais por parte de algún/ha estudante - Asesoramento por parte do Gabinete Psicopedagóxico